

# Informe

# Proceso Participativo Área Metropolitana da Coruña

Outubro de 2017 / Marzo de 2018

# Índice

---

## 1. Contexto do proceso participativo / 3

---

## 2. Liña temporal / 4

---

## 3. Obxectivos do proceso / 6

---

## 4. Fases do proceso / 7

4.1. Fase I: Planificación / 7

4.2. Fase II: Encontros / 7

4.3. Fase III: Mesas temáticas / 22

4.4. Consulta pública / 31

4.5. Fase IV: peche e conclusións / 36

---

## 5. Valoración global do proceso / 38

5.1. Participación / 38

5.2. Encontros / 39

5.3. Mesas temáticas / 41

5.4. Consulta Pública / 41

5.5. Cartas de apoio / 46


# 1. Contexto

Desde finais de 2015 diferentes concellos da comarca da Coruña veñen traballando no proxecto da Área Metropolitana da Coruña.

Nestes dous anos de intensos traballos créase un clima de cooperación entre concellos que permite pensar na creación dunha estrutura administrativa onde se poidan resolver os problemas e desafíos que se presentan na realidade metropolitana.

Desde a Mesa de Alcaldes e Alcaldesa, que é o máximo órgano decisorio no proceso de constitución da Área Metropolitana (en canto esta non se dota dunha estrutura propia), decídese abrir un proceso participativo para dar coñecer á cidadanía este proxecto, así como recoller as demandas da veciñanza ao respecto e abrir un período de consulta pública, dando así resposta ás exixencias legais recollidas no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Este proceso tivo lugar entre outubro de 2017 e marzo de 2018.



**12 / Decembro**  
Mesa Mobilidade e  
Ordenación do territorio

**13 / Decembro**  
Mesa Residuos

**18 / Decembro**  
Encontro Culleredo


**19 / Decembro**  
Mesa Economía,  
Emprego e Turismo

**20 / Marzo**  
Encontro Final

# 3. Obxectivos

Tendo en conta as motivacións polas que se abre este proceso participativo desde a Mesa de Alcaldes e Alcaldesa, márcanse os seguintes obxectivos:

- Dar a coñecer á cidadanía o proxecto de Área Metropolitana.
- Incorporar as impresións da cidadanía a través de espazos participativos.
- Cumprir coa obriga legal de facer unha consulta pública á cidadanía previa á elaboración da norma.



# 4. Fases do proceso


Tendo en conta os obxectivos e os tempos do proceso, marcáronse estas catro fases para a correcta execución deste proxecto. Estas fases foron as seguintes e superpuxéronse no tempo:

**FASE I: Planificación**

**FASE II: Encontros**

**FASE III: Mesas temáticas e consulta pública**

**FASE IV: Peche do proceso**



## 4.1. Fase I: Planificación

Na fase de planificación houbo un traballo de redefinición da proposta técnica. Nesta proposta era onde se describían os traballos que se ían desenvolver ao longo do proceso. A proposta definitiva aprobouse na Mesa de Alcaldes e Alcaldesa o 16 de outubro de 2017.

Nos dez días seguintes, todos os Concellos designaron unha persoa interlocutora, persoa que foi o enlace da entidade dentro de cada Concello para a organización e execución dos espazos participativos. Os Concellos que participaron foron: Sada, Bergondo, Cambre, Coruña, Oleiros, Abegondo, Betanzos e Culleredo. Os Concellos de Arteixo e Carral foron convidados a participar neste procese e declinaron este convite.

A continuación, fixéronse reunións con todas as persoas interlocutoras coa finalidade de planificar os traballos e tarefas de cada parte.

## 4.2. Fase II: Encontros

Os encontros metropolitanos foron espazos onde se estableceu un diálogo entre as persoas responsables políticas e a veciñanza ao redor da Área Metropolitana. A estrutura dos encontros foi sempre a mesma, un primeiro momento no que Alcaldes ou Alcaldesa explicaban que era a Área Metropolitana e que implicaba para cada realidade

municipal e un segundo momento onde a cidadanía expuña as súas dúbidas, demandas, propostas e reflexións. Realizamos oito encontros nas seguintes datas, lugares e horas:

Concello e lugar	Data
Salón de Plenos, Sada	15 de novembro
Edificio da Senra, Bergondo	16 de novembro
Centro Sociocultural O Graxal, Cambre	20 de novembro
Salón de Plenos, A Coruña	22 de novembro
A Fábrica, Oleiros	23 de novembro
Casa do Concello, Abegondo	29 de novembro
Salón Azul, Betanzos	30 de novembro
Edificio Usos Múltiples, O Burgo, Culleredo	18 de decembro

## Obxectivos dos encontros


- Informar a cidadanía sobre o proceso de creación da Área Metropolitana
- Recoller as súas primeiras impresións
- Recadar achegas ao proceso
- Animar a participar noutros espazos e a apoiar de maneira activa o proceso



## Convocatoria

A convocatoria consistiu en:

1. Cartelaría e dípticos: con días de antelación a cada encontro distribuíronse carteis e dípticos polos lugares máis transitados de cada Concello. Este reparto de material, aproveitouse para falar coa cidadanía e presentar o proceso, mesmo para resolver dúbidas sobre a propia Área Metropolitana. Distribuíronse en total 2500 carteis e 3000 dípticos polos diferentes puntos estratéxicos dos concellos participantes.
2. Envío de convocatorias desde os concellos: elaborouse unha convocatoria modelo, xunto cun cartel individualizado, para enviar a través do correo electrónico, ou mesmo por correo ordinario. Animouse a cada concello a facer unha convocatoria do seu encontro o máis exhaustiva posible.
3. Redes sociais: enviouse material para que os propios concellos compartisen nas súas redes sociais a data e lugar de cada encontro, fixéronse cabeceiras individualizadas por cada encontro para Facebook e Twitter e enviouse o cartel co formato adecuado para compartir nas redes sociais. Xunto con este envío animouse a cada Concello a ser activo nas súas redes.



**vontade metropolitana**  
Compartindo crecemos.

**Encontros**

Novembro, 2017 / 19.30h

**Sada**  
Mércores 15 / Salón de Plenos

**Bergondo**  
Xoves 16 / A Senra

**Cambre**  
Luns 20 / C. Sociocultural do Graxal

**A Coruña**  
Mércores 22 / Pazo Municipal de María Pita

**Oleiros**  
Xoves 23 / Fábrica en Perillo

**Abegondo**  
Mércores 29 / Casa do Concello

**Betanzos**  
Xoves 30 / Salón Azul, Edificio Liceo

**Acto final**

Decembro, 2017 / 20.00h

**A Coruña**  
Xoves 14 / Pazo Municipal de María Pita

**Por que necesitamos unha Área Metropolitana?**  
Queres saber máis sobre este proxecto? Participa nos encontros abertos cos alcaldes e a alcaldesa da comarca.

**Proceso participativo**

[www.coruna.gal/estraxia-metropolitana-amc/gi](http://www.coruna.gal/estraxia-metropolitana-amc/gi)  
amc@coruna.es

## Cartaz xenérico

## Cartaz individualizado

**vontade metropolitana**  
Compartindo crecemos.

**Bergondo**

**Xoves 16 de novembro**  
**A Senra**  
**19.30h**

**Por que necesitamos unha Área Metropolitana?**  
Queres saber máis sobre este proxecto? Participa nos encontros abertos cos alcaldes e a alcaldesa da comarca.

**Proceso participativo**

[www.coruna.gal/estraxia-metropolitana-amc](http://www.coruna.gal/estraxia-metropolitana-amc)  
amc@coruna.es

### Que é a Área Metropolitana da Coruña?

A Área Metropolitana da Coruña (AMAC) será un ente supramunicipal composto por concellos da contorna da Coruña. Ante o aumento da interconexión e vinculación entre eles xorde a necesidade de coordinar políticas públicas e a xestión de certos servizos, cun obxectivo claro: unha mellora que beneficie a toda a poboación da Área Metropolitana.

Existen exemplos de boas prácticas e resultados óptimos do funcionamento de áreas metropolitanas en zonas xeográficas como é o caso de Barcelona.

### Nacemento do proxecto e situación actual

Para a poboación destes concellos, a Área Metropolitana é unha realidade pola interrelación entre eles e a vinculación de moitas persoas que viven na zona, polo que este proxecto trata de dar unha resposta política ante a realidade e as demandas da cidadanía. De feito, diferentes servizos básicos como a auga ou a recollida de residuos xa están coordinados baixo un paraguas común.

Perante esta situación, os alcaldes e alcaldesa da área deciden a finais de 2015 comezar este proxecto de xeito conxunto para darlle un pulo definitivo que poida rematar na constitución da AMAC. Así tivo lugar o Encontro de Mariñán, onde se acordaron as liñas estratéxicas e a Declaración de María Pita, na que se aprobou a promoción conxunta da creación da Área Metropolitana, ratificada posteriormente na maioría dos plenos dos Concellos.

### Participa na constitución da Área Metropolitana: é de todas e todos

Colaborar e participar neste proceso constituinte é moi sinxelo: podes facer as túas achegas e propostas desde o 20 de novembro de maneira online a través dunha consulta pública na web da estratexia metropolitana. Esta consulta estará aberta ata o 20 de decembro de 2017 e enmárcase dentro do artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que ten como obxectivo integrar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas.

Ademais da modalidade online, durante o mes de novembro terán lugar encontros metropolitanos presenciais en todos os concellos coa participación dos alcaldes e alcaldesa. Nestes espazos, a cidadanía poderá expor todas as súas dúbidas e cuestións relacionadas coa creación da Área Metropolitana.

En todos os encontros metropolitanos haberá servizo de conciliación e de interpretación de lingua de signos

Coa información recollida prepararase un documento final que se presentará o 14 de decembro ás 20.00h no Pazo Municipal de María Pita, A Coruña.

### Que concellos formarian parte da Área?

Os concellos que apostan arestora pola Área Metropolitana son Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, A Coruña, Oleiros e Sada, pero poderían sumarse outros.


### Proceso participativo: implicación da cidadanía

Tras dous anos de avanzar no plano institucional na constitución da AMAC, ábrese agora un proceso participativo no que se quere implicar de forma directa a cidadanía como axente fundamental na toma de decisións, para así tamén profundar no consenso social.

Segundo o artigo 133 da Lei 39/2015, todas as achegas recollidas no marco deste proceso teranse en conta para a redacción do anteprojecto de lei da propia Área Metropolitana.


### Contacto

[www.coruna.gal/estratexia-metropolitana-amac/gi](http://www.coruna.gal/estratexia-metropolitana-amac/gi)  
[amac@coruna.es](mailto:amac@coruna.es)



Tríptico (interior)






Cabeceira xenérica para RRSS



### Oleiros

Xoves  
23 de novembro  
Fábrica en Perillo  
19.30h




Cabeceira individualizada para RRSS

## Sada

---

### Asistencia

16  
8 mulleres  
8 homes

---

### Presentación

Alcalde de Sada e Concelleiro Urbanismo de Sada

---

### Duración

95 minutos

---

### Principais temas que coloca a cidadanía

Mobilidade, especialmente o autobús (paradas e frecuencias).  
Dúbidas sobre a constitución da Área Metropolitana e os seus prazos.  
Necesidade dun ordenamento urbano común.  
Xestión de residuos, sendo Sada un exemplo.  
Prestación de servizos compartida para mellorar o acceso á cidadanía: centros para persoas maiores, hospitais e outros servizos que non dan os concellos pequenos, relacionado con isto, como optimizar infraestruturas infrautilizadas.  
Necesidade de facer fronte a problemas comúns como a auga, a seca e a necesidade de saneamento nas casas.  
Representa unha oportunidade para a promoción económica e a creación de emprego.

---

### Avaliacións

Das 16 persoas, 5 responderon á avaliación. Estas 5 persoas valoran como bo ou moi bo o encontro, o espazo, a duración ou o horario.  
A idade das persoas que responderon oscilaba entre os 49 e 61 anos.  
Consulta avaliacións [aquí](#).

---

### Preguntas abertas

Importancia de manter este tipo de espazos

---

### Adhesións

Ningunha

---

## Bergondo

---

**Asistencia** 8 persoas, 3 mulleres e 5 homes

---

**Presentación** Alcaldesa de Bergondo

---

**Duración** 65 minutos

---

**Principais temas que se colocan no encontro** A Área Metropolitana como unha necesidade urxente porque xa existe na realidade.  
O cambio de Goberno da Coruña como oportunidade.  
A importancia de que os Concellos pequenos teñan voz e voto e se lles teña en conta.

---

**Avaliacións** Responderon 7 persoas á avaliación.  
Todas, menos unha, valoran como bos ou moi bos o encontro, o espazo, a duración e o horario. Unha persoa valora regular o encontro e a duración, e outra persoa valora regular o horario.  
As persoas que responderon á avaliación teñen entre 41 e 61 anos.  
Podes consultar as avaliacións [aquí](#).

---

**Preguntas abertas** Necesidade de animar á veciñanza a participar nestes espazos. Manter o ánimo para conseguir a AMAC  
Importancia de xestionar de maneira común para abaratar o custo de servizos.

---

**Adhesións** 5 adhesións

---

## Cambre

---

**Asistencia** 54 persoas: 23 mulleres e 31 homes

---

**Presentación** Alcalde de Cambre, Alcalde da Coruña e Alcalde de Sada

---

**Duración** 100 minutos

---

**Principais temas que coloca a cidadanía**

Saber que papel xogarí a AMAC fronte outras institucións ou entidades como a Deputación ou o Consorcio.

Moito interese na promoción do tren de proximidade.

Hai algunha pregunta sobre a ausencia de Arteixo no proceso.

Se isto vai axudar a impulsar temas pendentes como a conexión da Vía Ártabra ou a necesaria conservación da natureza.

Dúbdas sobre a xestión do día a día: todas as persoas da área van pagar o mesmo pola auga ou polo saneamento?

A pesar da necesidade dun Plan Común de Urbanismo, exprésanse dúbdas da capacidade política para chegar a elaboralo.

Relacionado coa capacidade política, fálase da dificultade política do proceso. E a falta de vontade das elites da Coruña.

Necesidade de reforzar as liñas de autobús.

---

**Avaliacións**

Das 54 persoas que asistiron temos 24 avaliacións.

Das cales o 100% valoran como bo ou moi bo o encontro e o espazo, todas as persoas menos unha que o valora regular, valoran como boa ou moi boa a duración. E todas as persoas, menos dúas que o valoran regular, valoran como bo ou moi bo o horario.

As idades das persoas que responderon ían de 34 até os 74 anos. Sendo menores de 40, só dúas persoas.

Podes consultar as avaliacións [aquí](#).

---

**Preguntas abertas**

Importancia de impulsar as zonas industriais e as pequenas e medianas empresas para facilitar a creación de emprego.

Apoio para seguir neste camiño

A necesidade de máis espazos participativos como o encontro.

Valoración do espazo como “inmellorable” ou “ameno” e piden que se faga máis publicidade para que se impliquen máis persoas.

Importancia do impulso do tren de proximidade.

---

**Adhesións** 5 adhesións

---





Encontro  
Cambre



Encontro  
Coruña



Encontro  
Oleiros

## Coruña

---

**Asistencia** 37 persoas: 15 mulleres e 22 homes

---

**Presentación** Alcalde da Coruña, Alcalde de Oleiros e Concelleiro de Urbanismo de Betanzos

---

**Duración** 90 minutos

---

**Principais temas que coloca a cidadanía** Agradecementos á valentía e á iniciativa.  
Importancia de poder facer o proceso amable e colaborativo entre concellos. Importancia de impulsar o tren fronte o bus que é máis ecolóxico e eficiente. Máis dunha persoa fala da necesidade do tren de proximidade. Neste sentido tamén se fala do transporte marítimo.  
Dúbdas sobre que vai pasar co Consorcio.  
Preguntas sobre os temas e acordos nos que se están a traballar na AMAC.  
Dúbdas sobre como e onde participar.  
Os servizos culturais tamén deberían traballar en rede, como as bibliotecas.  
Referencias á complexidade política e as trabas que de aí se emanan.  
Coordinar a programación cultural da área.

---

**Avaliacións** Das 37 persoas responderon ás avaliacións 7 persoas. Das que o 100% avalían como bo ou moi bo o encontro e a duración. Todas menos unha valora como bo ou moi bo o espazo. Todas menos dúas valoran como moi ou moi bo o horario.  
As idades das persoas que responderon van desde os 40 aos 70 anos.  
Podes consultalas [aquí](#).

---

**Preguntas abertas** Importancia da mobilidade en comentarios como “superar o vehículo privado” ou “causa común para o tren de cercanías”.  
Considérase necesaria máis participación do público asistente e menos do persoal político.

---

**Adhesións** 5 adhesións

---



## Oleiros

---

### Asistencia

111 persoas: 37 mulleres e 74 homes.

---

### Presentación

Alcalde de Oleiros, Tenente Alcaldesa de Oleiros, Alcalde da Coruña e técnica de Urbanismo de Oleiros

---

### Duración

70 minutos

---

### Principais temas que coloca a cidadanía

A deficiencia do servizo de transporte público e a falta de conexións e frecuencias. Tanto para conciliar cun horario laboral, como para actividades de ocio.

Ademais do servizo á cidadanía, destacan o impacto ecolóxico de tanto vehículo privado e a necesidade dun Plan Estratéxico de Mobilidade da AMAC.

Importante o que está a pasar no Porto, evitar que se edifique.

Facer algo coa contaminación da Ría.

Construír un proceso atractivo para a cidadanía, poder explicar con maquetas e imaxes as posibilidades dunha área estruturada en canto a infraestruturas.

Destacan a dificultade política e, tendo en conta a traxectoria, o escepticismo co proceso que provocan as posturas políticas.

Veciñanza de Arteixo presente que lle gustaría que o seu concello estivese neste proceso.

---

### Avaliacións

Non se cubriron avaliacións nin adhesións porque comezou unha reunión inmediatamente despois e o final foi moi precipitado.

---

## Abegondo

---

### Asistencia

26 persoas: 13 mulleres e 11 homes

---

### Presentación

Alcalde de Abegondo e Alcalde de Betanzos

---

### Duración

80 minutos

---

### Principais temas que coloca a cidadanía

Demanda de máis información sobre a a constitución da Área Metropolitana e das súas mesas técnicas.

Estudar que servizos son os prioritarios mancomunar e cales descentralizar.

Preocupación polo lugar de Betanzos como cabeceira de comarca, moi importante para a zona e a súa integración na AMAC xera dúbidas ao respecto porque non se queren servizos centralizados na Coruña.

Máis información sobre como se financiaría a Área Metropolitana e de como sería a representatividade/ toma de decisións.

Máis información de como participar no proceso e de como é o funcionamento actual dos servizos que se pretenden dar coa AMAC.

Vontade de apoiar o proceso para neutralizar os bloqueos políticos.

Máis información e máis reunións deste tipo onde se pode falar de maneira directa, non só vía web.

---

### Avaliacións

Das 26 persoas asistentes, cubriron as avaliacións 10.

Todas as persoas fan unha valoración de bo ou moi bo do encontro, do espazo, da duración e do horario.

As persoas que responderon teñen idades que oscilan entre 38 e 65 anos.

Podes consultalas [aquí](#).

---

### Preguntas abertas

Comentan que se deberían deixar as cuestións partidistas a un lado e pensar máis nos intereses xerais.

Outra persoa destaca a boa información que se deu.

---

### Adhesións

7 adhesións

---

## Betanzos

---

<b>Asistencia</b>	20 persoas: 6 mulleres e 14 homes
<b>Presentación</b>	Alcalde de Betanzos, Alcalde da Coruña e Alcalde de Abegondo
<b>Duración</b>	90 minutos
<b>Principais temas que coloca a cidadanía</b>	<p>Exprésanse dúbidas sobre as consecuencias do proceso, por exemplo, implicaría unha redución dos custos dos servizos?</p> <p>Valorouse positivamente a presentación feita por tres cores políticas diferentes.</p> <p>Preocupación polo transporte.</p> <p>Necesidade de recuperar a idea de metro lixeiro e de facer unha planificación conxunta.</p> <p>Demanda de máis información sobre como sería a toma de decisións nesa Área Metropolitana e como sería a participación cidadá.</p> <p>Coa creación da Área Metropolitana, como quedaría a Deputación e o Consorcio.</p> <p>Preguntas sobre a postura de Arteixo fronte a AMAC.</p> <p>Preguntas sobre os límites da AMAC, saber porque non están Concellos como Paderne e Irixoa.</p>
<b>Avaliacións</b>	Só 1 avaliación que fai boa valoración do espazo e do encontro, mais non valora ben a duración do encontro. Home de 45 anos.
<b>Preguntas abertas</b>	Non hai respostas.
<b>Adhesións</b>	Non hai adhesións

---

## Culleredo

---

<b>Asistencia</b>	31 persoas: 14 mulleres e 17 homes
<b>Presentación</b>	Alcalde de Abegondo, Alcalde de Culleredo, Alcaldesa de Bergondo, Alcalde de Sada.
<b>Duración</b>	90 minutos
<b>Principais temas que coloca a cidadanía</b>	Importante iniciativa para apoiar a grande potencia que ten a comarca a nivel económico Alegría pola iniciativa e esperanza polo que pode implicar en mobilidade. Alegría porque exista un espazo participativo como o encontro.
<b>Avaliacións</b>	Das 31 persoas que asistiron cubriron a avaliación 14. Todas as persoas menos unha valoran como bo ou moi bo o encontro, o espazo, a duración e o horario. As idades comprendidas entre 28 e 59 anos. Sendo só dúas de menos de 40 anos. Podes consultalas <a href="#">aquí</a> .
<b>Preguntas abertas</b>	Nas preguntas abertas unha persoa sinala que lle gustaría ter tido máis tempo para o debate.
<b>Adhesións</b>	Non hai adhesións

---



Encontro  
Abegondo



Encontro  
Culleredo

## Espazos de conciliación e Lingua de Signos

En todos os encontros houbo un espazo de conciliación para nenos e nenas e dúas persoas que fixeron a interpretación de lingua de signos. A pesar de non haber usuarias ou usuarios destes servizos é importante á hora de visibilizar a necesidade de crear espazos realmente integradores.



---

### 4.3. Fase III: Mesas temáticas

Outro espazo participativo que se articulou no marco deste proceso foron as mesas temáticas que pretendían chamar a axentes metropolitanos para crear un espazo onde dar información especializada sobre o ámbito temático en cuestión.

Realizamos catro mesas temáticas sobre os seguintes temas: Ciclo integral da auga e políticas medioambientais, Mobilidade e ordenación do territorio, Xestión e tratamento de residuos e Economía, emprego e turismo.

#### Obxectivos

- Dar a coñecer o proceso de creación da área metropolitana a persoas de especial relevancia en cada ámbito temático
- Informar sobre o tratamento e avances en cada ámbito temático
- Recoller as primeiras impresións dos axentes convocados
- Animar a apoiar o proceso activamente, ben a través da adhesión, ben a través da web.

**Estas foron os ámbitos temáticos, os lugares e horas de cada mesa:**

<b>Tema</b>	<b>Lugar e Concello</b>	<b>Data</b>
Ciclo integral da auga e políticas medioambientais;	Casa da Cultura, Cambre	28 de novembro
Mobilidade e ordenación do territorio	CF Isaac Díaz Pardo, Oleiros	12 de decembro
Xestión e tratamento de residuos	Casa Concello, Abegondo	13 de decembro
Economía, emprego e turismo	Vila Melania, Culleredo	19 de decembro

## **Mesa / Ciclo integral da auga e políticas medioambientais**

### Asistencia

#### **Foron convidadas:**

Ceida, Reserva da Biosfera, Adegas, Verdegaias, Sociedade Galega de Historia Natural, Emalcsa, Fundación Juana de Vega, Asociación Fragas do Mandeo, Oficina de Medio Ambiente da UdC, Asociación ecoloxista Hábitat, Plataforma en defensa da Ría do Burgo, Confraría de Mariscadoras, Sindicato Labrego Galego, Sociedade Galega de Ornitoloxía, Roxín Roxal, Zocaminhoca.

#### **Asistiron:**

Ceida, Adegas, Verdegaias, Fundación Juana de Vega, Hábitat, SLG, dúas persoas a título persoal e un técnico do Concello de Cambre.

Entidades que confirmaron e non asistiron: Sociedade Galega de Ornitoloxía.



## **Desculparon a súa ausencia, mais mostraron moito interese no proceso:**

Oficina de Medio Ambiente da USC.

Tamén se convidou a todos os Concelleiros e Concelleiras de Medio Ambiente de toda a Área Metropolitana.

Fixeron a presentación institucional entre a Concelleira de Medio Ambiente da Coruña, O Alcalde de Sada e o Concelleiro de Medio Ambiente de Cambre.

## **Desenvolvemento**

Das achegas feitas polas persoas participantes, destacamos:

- Ganas de participar dos axentes convocados
- Oportunidade para loitar contra a eucaliptización e o perigo dos incendios.
- Unha oportunidade para repensar infraestruturas a todos os niveis, comarcal e galego. Así como a mobilidade.
- Importante apoiar este impulso porque hai cuestións pendentes como a mobilidade ou a Ría do Burgo que hai que abordar colectivamente. Falando da Ría do Burgo, a importancia como reserva natural.
- Dúbidas sobre o papel da Área Metropolitana fronte a cabeceira de comarca que é Betanzos.
- Dúbidas sobre o proceso político e as súas dificultades, en xeral, animan para que tomen o impulso os concellos máis convencidos e deixen o resto para despois.
- Preocupación pola contaminación das augas e a seca.
- Falar máis de saneamento e incluír un Plan Estratéxico de Saneamento para toda a Área.
- Críticas aos documentos por estar feitos desde unha óptica estritamente urbana, cando na área metropolitana tamén hai rural e hai que incluír a agricultura. Na loita contra o cambio climático é imprescindible falar do modelo de agricultura.



## Mesa / Mobilidade e Ordenación do Territorio

### Asistencia

#### **Foron convidadas:**

Plataforma pola defensa do ferrocarril de Coruña -As Mariñas, AAVV Os Castros, Mobiliza, Stop Accidentes, Club Crunia, Margarita Novales e Alfonso Orro da Escola de Enxeñaría de Camiños, Asicasa Calpita, Compañía de tranvías, Aspronaga, Istas, Galicia Cidade e territorio, Oficina de Planeamento da UDC, Manuel Docampo da Facultade de Socioloxía e Hábitat Social.

#### **Asistiron:**


BNG de Oleiros, Adegas, Juanjo Ruíz (Consultor de Mobilidade) Stop Accidentes, Club Crunia, Alfonso Orro e Margarita Novales da Escola de Enxeñaría de Camiños, Compañía de Tranvías, Mobiliza, Aspronaga, Asicasa Calpita, Oficina de Planeamento da UDC, técnica de Urbanismo de Oleiros e o Concelleiro de Urbanismo de Sada.

#### **Confirmaron asistencia e non asistiron:**

AAVV dos Castros e Hábitat Social.

Ademais convidáronse aos Concelleiros e Concelleiras de Urbanismo/ Mobilidade de toda a Área Metropolitana.

Fixeron a presentación institucional entre o Concelleiro de Mobilidade de Coruña, á Tenente Alcadesa de Oleiros e o Concelleiro de Urbanismo de Betanzos.



## Desenvolvemento:

Comeza coa presentación institucional da Mesa que culmina coa dinamizadora explicando o sentido do encontro e abrindo unha rolda de presentacións.

A continuación ábrese a quenda de palabra para os axentes que colocan os seguintes temas:

- Coincídese na importancia de pór en marcha o tren de proximidade e tamén de habilitar posibilidades de facer tránsitos a pé, cousa que agora é inviable pola perigosidade das vías.
- Destácase o fundamental de ofertar servizos coordinados a pesar de ser concesionarias privadas, como é o caso do transporte urbano e interurbanos. Non se deberían redundar servizos e si ofrecer melloras.
- Tamén se incorpora a necesidade de ter en conta establecer espazos para aparcamentos disuasorios.
- Sae con forza a idea da necesidade do apoio cidadá a este proceso e das ganas de participar para que, governe quen governe, este proxecto saia adiante. Hai un cambio no paradigma da mobilidade e non poden darse pasos para atrás.
- Preocupación polo fin da concesión de transporte, tendo en conta a lentitude dos procesos políticos, debería haber un Plan B para o caso no que non se dea articulado a AMAC.
- Fálase moito da dificultade para chegar a acordos e como isto pode hipotecar as posibilidades de pór en marcha o necesario Plan de Mobilidade da Área.
- Poñen de manifesto a lentitude á hora de conseguir avances nesta temática, ao tempo que sinalan da urxencia en traballar no carril bus, nas paradas urbanas e na necesidade de investimento.
- Exprésase o medo de como afectan os cambios políticos á continuidade das decisións tomadas e da necesidade de acordos a longo prazo.
- Pregúntase de quen son competencia as melloras do transporte urbanos e da necesidade de incorporar os portabicis nos autobuses, así como revisar os sistemas de pago e as frecuencias.

## Mesa / Xestión e tratamento de residuos

### Asistentes:

#### **Convidouse a participar representantes das seguintes entidades:**

Consortio das Mariñas, Conteco, Gestan Medioambiental, Coregal, Ceida, Adegas, Mulleres Colleiteiras, Cespa, Albada, SGEA, Amigos da Terra, Verdegaias, APPLUS

#### **Asistiron:**

Mulleres Colleiteiras, Gestan Medioambiental, APPLUS, Ferrovial, Cespa, Consortio das Mariñas, Concelleiro de Medio Ambiente de Sada e técnica da Concellaría de Medio Ambiente da Coruña.

Confirmaron asistencia e non foron: Conteco e Coregal.

#### **Desculpa a súa ausencia:**

Adegas.

Fixeron a presentación institucional a Concelleira de Medio Ambiente da Coruña, o xerente do Consortio das Mariñas e o Concelleiro de Desenvolvemento Sostible de Abegondo.

### Desenvolvemento:

Despois dunha detallada presentación inicial onde se fala dos traballos avanzados neste ámbito temático, ábrese a quenda de preguntas, reflexións ou propostas dos axentes:

- Proposta de favorecer a entrada da economía social fronte grandes empresas, isto debería contemplarse nas licitacións.
- Tamén se apunta á necesidade de coordinar campañas de comunicación conxuntas, tendo en conta a diversidade de territorios da AMAC porque o enfoque é ben diferente na Coruña que en Abegondo.
- Plantéxanse dúbidas sobre como abordar o problema da planta de Nostián
- Fálase do modelo de Ecoembes, que xera confusión, ademais do problema que supuxo nos últimos dous anos a redución do re 15% no pagamento dos envases. Estas taxas négociaas a Xunta e os Concellos non poden facer nada. Moi evidente a necesidade dun ente como a AMAC para poder asumir este tipo de negociacións.



- Sae a dúbida sobre as propostas e a súa viabilidade e cal é a folla de ruta concreta, é dicir, con tempos, para aplicarlas. Ponse de manifesto que as iniciativas están comezadas, pero que os prazos son demasiado dilatados no tempo e que a complexidade de cada un dos temas fai difícil que sexan máis curtos.
- Fálase dos diferentes métodos e estratexias para aproveitar o residuo orgánico e de cal sería a idónea na área. Tamén hai dúbidas sobre a capacidade real de Albada para xestionar o residuo do contendor verde.



**Mesa Ciclo integral da auga e políticas medioambientais**



**Mobilidade e Ordenación do Territorio**

**Mesa Xestión e tratamento de residuos**



## Mesa / Economía, emprego e turismo

### Asistencia:

#### **Foron convidadas/os:**

Polígono da Grela – Bens, Polígono de Pocomaco, Polígono de Sabón, Polígono de Bergondo, Polígono de Betanzos, Polígono de Alvedro/ Marisqueiras, Asociación de empresarias da Coruña, Confederación de empresarios da Coruña, Asociación de Jóvenes Empresarios, GALP, a Lonxa da Coruña, Cámara de Comercio da Coruña, Ciclo Universitario de Turismo, Espazocoop, GDR, SLG, CIG, CCOO, UXT, Aeroporto de Alvedro, Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica da UdC, Asociación de Autónomos (ATA), Federación Unión de Comercios Coruñesa (FUCC), Asociación de Hospedaxe da Coruña, Hospeco, Autoridade Portuaria, Asociación de empresarios de Culleredo.

#### **Asistiron:**

Espazocoop, Confederación de empresarios da Coruña, GALP, Cámara de Comercio, Escola de Turismo, GDR, CIG, Axente Desenvolvemento Local de Culleredo, Axente Desenvolvemento Local Abegondo, Concelleira de Participación de Culleredo, Directora de Promoción Económica e Emprego do Concello da Coruña, Consorcio de Turismo da Coruña.

#### **Confirmaron asistencia e finalmente non asistiron:**

Polígono de Bergondo, Asociación de Empresarias da Coruña, CCOO e SLG.

#### **Desculparon a súa ausencia:**

Polígono de Betanzos, Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica e Autoridade Portuaria da Coruña.

Fixeron a presentación entre a Concelleira de Economía de Culleredo, o Axente de Desenvolvemento Local de Culleredo e o Concelleiro de Economía da Coruña.

### Desenvolvemento:

Estes foron os principais temas que colocaron os axentes:

- O persoal técnico leva anos traballando de maneira metropolitana, hai dúas velocidades a técnica e a política. Sae a proposta de seguir traballando con convenios, proxectos e programas conxuntos, mentres os ritmos políticos van debuxando un escenario máis

estable como sería a Área Metropolitana. Non frear o impulso por bloqueos políticos. Ser prácticos e prácticas.

- Destácase como moitas persoas de alí se coñecen e traballan conxuntamente, moitas delas móvense a través da AMAC diariamente. A realidade metropolitana é innegable por iso se agradece e apoia a valentía da iniciativa.
- Ademais de aplaudir a iniciativa, empúxase a esquecer impulsos localistas que non benefician a ninguén, sobre todo no referente á creación de emprego na que os concellos teñen competencias moi limitadas.
- Achégase a proposta de traballar coa riqueza que xera o mar a todos os niveis, tanto na produción de alimentos (a centralidade da Lonxa da Coruña, a importancia da acuicultura), como no turismo, sendo Coruña unha potencia en turismo náutico. Convén innovar e coordinarse para sacar todo o rendemento que isto ten.
- Tamén se propón que se introduza na páxina web da estratexia metropolitana, onde hai un apartado de “documentos relacionados”, as liñas creadas polo GALP e a Reserva da Biosfera, son uns documentos colaborativos que tiveron en conta moitos axentes do territorio e que son de grande utilidade.
- Preguntan sobre a coordinación da Área Metropolitana, así como quen vai velar por que se materialice. Tamén piden información sobre a folla de ruta prevista e se hai unha data para a creación da AMAC. Tamén se demanda saber outras formas de participar e apoiar o proceso para que todas as persoas asociadas ás entidades presentes poidan apoiar e colaborar no proceso porque esta Área Metropolitana é unha necesidade que vai xerar oportunidades económicas e que pode dar resposta a demandas antigas como o tren de proximidade, que tanto levan pedindo desde o sector empresarial, coa súa conexión co Porto Exterior.





---

## 4.4. Consulta pública

Ábrese unha consulta pública dando resposta ao previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que ten como obxectivo integrar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas. Realízase con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou regulamento.

Con esta consulta pública procurouse recoller a opinión das persoas e entidades afectadas pola constitución da Área Metropolitana da Coruña.

Houbo 57 persoas que responderon a consulta pública que era accesible a través da páxina web da estratexia metropolitana da Coruña.

As datas nas que estivo activa esta consulta foron do 20 de novembro ao 31 de decembro.


Estes son os datos recollidos:

### Datos sociodemográficos

---

#### Xénero

---




41 eran homes e 15 mulleres. O que quere dicir que case un 72% das persoas que responderon son homes, fronte un 28% que son mulleres.

#### Procedencia

---

50 persoas son da Coruña, 3 de Oleiros, 1 de Arteixo, 1 de Bergondo, 1 de Betanzos, 1 de Culleredo e 1 de Sada. É dicir, case un 88% son da Coruña.

12%



---

### Individual/entidade

Practicamente a totalidade responderon a título individual, tan só dúas persoas responderon representado a unha entidade. Estas entidades eran:

- Libera e Fundación Franz Weber.
- A outra persoa non puxo o nome da entidade.

---

## Necesidades

---

### Mobilidade e ordenación do territorio

Un 70% cre que a necesidade máis urxente é pór en marcha o tren de proximidade.

O 58% cre que o máis urxente é aumentar a frecuencia e opcións no transporte metropolitano

O 46% opina que o máis necesario son as vías interurbanas para o transporte en bicicleta

O 21% ve como urxente definir un modelo territorial de maneira conxunta

O 16% opina que é urxente dotar de vivendas de protección oficial o solo da comarca

O 14% marca como urxente a mellora das infraestruturas de transporte, enerxéticas ou de telecomunicacións.

O 14% apunta á necesidade de crear unha visión conxunta no referente ao porto e aeroporto.

O 11% cre que é necesario aplicar tarifas sociais para o transporte.

O 9% ve como necesario ordenar o territorio en paralelo co crecemento económico e poboacional.

O 9% apunta a necesidade de ordenar o territorio segundo as necesidades de dotación de servizos.

O 7% ve importante a mellora da rede viaria existente.

O 3% marca a necesidade da mellora da accesibilidade das paradas de autobús.

2 persoas apuntan necesidades nova1. Metro lixeiro ou tranvía

2. Redefinición das liñas de autobús

---



---

## **Economía, emprego e turismo**

- O 46% destaca como necesidade máis urxente a redución de desigualdades sociais
  - O 40% cre que é urxente eliminar a peaxe da AP-9.
  - O 40% ve necesario dotar de equipamentos compartidos para ter acceso a servizos.
  - O 38,6% apunta á necesidade de planificación, deseño e execución de políticas de emprego eficaces.
  - O 28% ve necesaria a mellora da mobilidade da área.
  - O 23% destaca a mellora da coherencia da oferta formativa e a oferta de emprego.
  - O 19% ve necesario desenvolver plans que creen emprego de maneira directa.
  - O 19% cre que se debería aproveitar o potencial turístico da área.
  - O 17,5% apunta que é urxente impulsar a creación de empresas relacionadas co turismo.
- 3 persoas marcan outras necesidades:
1. Mellor combinación de autobuses aos polígonos industriais
  2. Eliminar peaxe de Sabón na autovía de Carballo.
  3. Potenciar os mercados municipais e apoiar produción da comarca.

---

## **Ciclo integral da auga e políticas medioambientais**

- O 68% ve como necesario o saneamento das Rías do Burgo, Betanzos e Sada.
  - O 37% cre que se deberían crear políticas conxuntas de protección á biodiversidade.
  - O 30% ve necesario frear a degradación de ecosistemas de alto valor ecolóxico.
  - O 30% cre que se deberían elaborar políticas que fomenten o sector primario e que o conecten coas zonas urbanas.
  - O 26% apunta á necesidade de pór en marcha tarifas sociais que teñan en conta a renda para auga e residuos.
  - O 21% pensa que se deberían facer campañas conxuntas de redución e prevención na xeración de residuos.
  - O 17,5% cre necesario evitar as deficiencias no saneamento e abastecemento de auga.
  - O 16% ve a necesidade de realizar campañas de educación para a sustentabilidade ambiental.
  - O 12% pensa que se debería aumentar a implicación na mellora da xestión do tecido industrial.
-

---

### Ciclo integral da auga e políticas medioambientais

O 9% apunta á descentralización do sistema de depuración de augas.

O 5% ve a necesidade de implantar sistemas diferenciados para as augas residuais e pluviais.

O 5% ve importante a posibilidade de acceder a estudos de calidade de auga, aire, e xestión de residuos realizados pola Administración.

2 persoas apuntaron novas necesidades:

1. Apoiar o uso de enerxías renovables

2. Fomentar a conexión de vivendas á rede de saneamento para evitar verteduras.

---

## Área Metropolitana

---

### Que Administración?

O 71% pensa que a Administración máis adecuada para resolver os problemas é a Área Metropolitana.

O 17% pensa que sería a Mancomunidade de Concellos

O 5% cre que sería unha asociación de concellos.

O 3,5% pensa que sería mellor unha xestión conxunta de temas puntuais.

O 3,5% non sabe/non contesta.

---

### Principais achegas da Área Metropolitana

O 58% pensa que a principal achega da área será en mellorar a mobilidade e transporte.

O 51% cre que será a mellora na coordinación para a solución conxunta de problemas.

O 46% apunta a mellora da calidade de vida das persoas e o acceso a recursos básicos.

O 38% pensa que se abaratarían custos na xestión de políticas públicas.

O 28% cre que se optimizaría o uso dos recursos.

O 26% apunta á contribución ao desenvolvemento económico dos concellos.

O 17,5% destaca a garantía de transparencia na xestión.

O 14% pensa que se melloraría a gobernanza e participación cidadá.

---

---

**Principais achegas da Área Metropolitana**

O 5% cre que se simplificarían trámites e xestións para satisfacer as necesidades da cidadanía.

O 3% pensa que se daría estabilizado a prestación de servizos.

---

**Obxectivos e gobernanza**

O 82% daría prioridade á mellora de mobilidade e transporte.

O 56% priorizaría rexenerar as rías, as zonas costeiras e zonas ambientalmente degradadas.

O 40% daría prioridade á mellora do benestar social e a calidade de vida das persoas.

O 28% destaca a realización do ordenamento do territorio conxunto.

O 23% prioriza o fomento do investimento e emprego.

O 21% prioriza o logro dun desenvolvemento territorial equilibrado e coherente.

O 19% prioriza asumir a xestión e tratamentos de residuos.

O 14% destaca a elaboración dunha estratexia de innovación.

---



## Documentos anexos

Unha entidade (Libera e FFW) anexou un documento de achegas para o proceso no que formulan as seguintes suxestións:

- Asesoramento técnico para a creación e xestión responsable de colonias de gatos ventureiros nos concellos parte da AMAC.
- Programa de apoio, tanto técnico como económico, para as Entidades Non Lucrativas de protección animal da comarca da Coruña.
- Estratexia comarcal conxunta contra o abandono e o maltrato animal, en especial no tocante á clarificación competencial da nova Lei de Benestar Animal de Galicia, a través da elaboración regular de campañas de concienciación sobre aspectos como o abandono e a adopción, a convivencia responsable e o fomento dos coidados.
- Programa de sensibilización escolar nas boas prácticas, coidados e convivencia con animais dirixido á comunidade educativa da comarca con material informativo especialmente elaborado para os niveis de formación.

Outra persoa achegou unha adhesión ao proceso.

---

## **4.5. Fase IV: peche e conclusións**

### **Encontro metropolitano: Acto final do proceso participativo**

#### Convocatoria do encontro

Realizouse desde protocolo do Concello da Coruña, desde a entidade fíxose un reforzo para asegurar que as persoas e entidades participantes no proceso tiñan a información sobre a convocatoria.

Fíxose material específico para esta convocatoria (cartaz, GIF e cabeceira para as redes sociais) que se enviou a todos os concellos participantes xunto un modelo de convite para o acto.

Esta convocatoria realizouse entre o 14 e o 19 de marzo.

## Vídeo para o acto e vídeo final

No acto proxectouse o vídeo realizado para o evento.

Este é un adianto do vídeo final que pretende dar conta do que foi todo o proceso incluído o acto final. Está pensado para distribuír nas redes sociais e webs municipais.

## Encontro metropolitano: Acto de final

---

### Asistencia

Público: 50 persoas, das cales 24 eran mulleres e 26 homes.

Políticos/as: o Alcalde de Sada, Betanzos, Culleredo, Oleiros, Coruña, Cambre e a Alcaldesa de Bergondo. Así como 5 Concelleiras/os do Concello da Coruña.

Técnicas: 2 intérpretes de lingua de signos, 2 mediadoras, 2 técnicos de son, 1 cámara e 1 persoa no servizo de conciliación.

---

### Desenvolvemento

Xulio Ferreiro (Alcalde da Coruña) deu a benvida e deu paso á proxección do vídeo.

A continuación Claudia Delso, Concelleira de Participación e Innovación Democrática do Concello da Coruña, presentou os resultados máis destacados do proceso de información e participación que se desenvolveu entre os meses de outubro e decembro de 2017. A continuación interviron os Alcaldes e Alcaldesa presentes por esta orde: Ángel G. Seoane (Alcalde de Oleiros), Alejandra Pérez (Alcaldesa de Bergondo), Ramón García (Alcalde de Betanzos), Óscar G. Patiño (Alcalde de Cambre), José Ramón Rioboo (Alcalde de Culleredo) e Benito Portela (Alcalde de Sada). Falaron do que significara para cada un destes concellos, tanto o proceso participativo, como o clima metropolitano predominante. Coincidiron en sinalar a importancia e a confianza no proceso.

Por último, fecha o acto Xulio Ferreiro (Alcalde da Coruña) dando a coñecer os últimos acordos da Mesa de Alcaldes e Alcaldesa onde se decidiu pór en marcha a Mesa de Innovación e a Mesa de Economía, Emprego e Turismo. Tamén destaca a forza da unión visibilizada nos últimos tempos, sobre todo no relacionado co mapa de autobuses da metrópole.

---

# 5. Valoración global do proceso

## 5.1. Participación

Nos encontros participaron 303 persoas, das cales 120 foron mulleres e 183 foron homes. Nas mesas participaron 46 persoas, das cales 15 foron mulleres e 31 homes. Na consulta pública participaron un total de 57 persoas, das cales 41 foron homes e 15 mulleres. En total, en todo o proceso participaron 406 persoas, das cales, 150 foron mulleres e 256 homes.




### Encontros

Mulleres: 120

Homes: 183

Total: 303



### Mesas Temáticas

Mulleres: 15

Homes: 31

Total: 46




### Consulta Pública

Mulleres: 15

Homes: 41

Total: 57



### Total Proceso

Mulleres: 150

Homes: 256

Total: 406

A primeira lectura que facemos destes datos é que a participación foi moi desigual nos diferentes espazos participativos (encontros, mesas e consulta pública), funcionando moito mellor os encontros que as mesas ou a consulta.

Para a convocatoria atopámonos cun elevado grao de descoñecemento do que implica a Área Metropolitana e as vantaxes que ten sobre outras fórmulas xurídicas. Isto pode estar detrás de por que non acabaron de ser rechamantes as convocatorias.

Podemos apoiar esta interpretación co dato emanado da consulta pública onde un 17% das persoas sinalan como unha Administración válida para resolver os problemas da comarca a mancomunidade de Concellos. Pode que unha interpretación válida deste dato é que exista ese descoñecemento sobre que é a AMAC e que implican outras fórmulas.

De aí que a primeira valoración do proceso é colocar a necesidade dunha campaña de comunicación centrada na explicación desta entidade e dos motivos polos que ten máis capacidade que outras fórmulas de resolver os problemas da cidadanía.

En xeral, a participación das mulleres é moito menor que a dos homes en todos os espazos participativos. Unha vez máis, atopámonos coas dificultades das mulleres para participar na vida pública e as dificultades para traspasar esas barreiras invisibles. Convén facer un maior esforzo por apelar directamente ás mulleres nas convocatorias.

Nos espazos presenciais, a xente menor de trinta e cinco anos era practicamente inexistente. Se cadra habería que pensar en facer convocatorias específicas para incorporar aos mozos e mozas nos procesos participativos.

---

## 5.2. Encontros

En canto os encontros, faise unha valoración xeral positiva porque se conseguiu crear un clima de participación amable e funcionaron como estaba planificado. As persoas mostraban o seu agradecemento por posibilitar estes espazos, así como a boa acollida do proxecto da Área Metropolitana. Tamén amosaron ganas de que as Administracións comencen a traballar de maneira colaborativa na mellora das políticas públicas.


A mediación foi unha figura imprescindible que velou porque a participación fose o máis equitativa posible, tanto entre homes e mulleres, como entre persoas que están máis acostumadas a falar en

público, como quen o está menos, aquelas que tiñan unha proposta ou pregunta elaborada, como aquelas que tan só colocaban a primeira idea que tiñan.

Non houbo a resposta esperada á hora de cubrir as valoracións e adhesións, pero é difícil manter a atención despois de 90 minutos de debate. Ao rematar hai un grao elevado de dispersión. Ademais que para as adhesións moitas persoas sentían que lles faltaba información para poder asinalas.

Os temas que se repiten en practicamente todos os encontros son:

- O reiterado agradecemento pola necesaria iniciativa e a benvida á institucionalización da colaboración entre concellos.
- A ilusión polas oportunidades que abre en relación á mellora do emprego e prestación de servizos.
- A necesidade de revisar a mobilidade.
- A demanda da recuperación do tren de proximidade.
- A petición de mellorar as liñas, frecuencias e paradas das liñas de autobús.
- A demanda de máis información sobre que vai ser a Área Metropolitana, sobre as súas competencias, sobre a toma de decisións, sobre como vai afectar a outras institucións (especialmente Deputación e Consorcio) e sobre como está sendo o proceso de constitución.
- A petición de máis información sobre como participar, así como a demanda de maior abertura do proceso e maior participación.
- Os medos polas dificultades políticas do proceso.





## 5.3. Mesas temáticas

En canto as mesas temáticas, foron moi desiguais as respostas dos axentes perante convocatoria. Na maior parte dos casos mostraban moito interese na convocatoria, mais non tiñan dispoñibilidade para acudir.

## 5.4. Consulta Pública

En canto á consulta pública, houbo menos participación da esperada, se cadra habería que ter insistido máis na súa importancia nas diferentes comunicacións.

En resumo, estes son os principais temas destacados polas persoas que participaron:



Recuperación do tren de proximidade



Sanear as rías do Burgo, Betanzos e Sada



Aumentar a frecuencia e opcións no transporte metropolitano



Reducir as desigualdades sociais existentes



A posibilidade de crear un transporte metropolitano público e ofrecer máis opcións á cidadanía



Planificar, deseñar e executar políticas de emprego eficaces



Aumento de vías interurbanas para o transporte en bicicleta



Mellorar o benestar social e calidade de vida das persoas



Mellorar a mobilidade e transporte



Aumento do dinamismo económico e social da área



Redución dos gases efecto invernadoiro a través da mellora da mobilidade



Protección dos ecosistemas de alto valor ecolóxico



Eliminar a peaxe da AP-9



Compartir equipamentos públicos




Rexenerar as zonas costeiras e as ambientalmente degradadas

# Necesidades


## Datos globais

As principais necesidades colocadas polas persoas que responderon a consulta:




En canto aos datos desagregados por xéneros:

## Mulleres




## Homes




## Oportunidades


### Datos globais



## Mulleres




## Homes




# Área Metropolitana


## Datos globais



## Mulleres



## Homes



### 5.5. Cartas de apoio

As cartas de apoio totais recollidas no marco deste proceso foron 29. Tamén representan un número inferior do esperado, sobre todo, tendo en conta que nos espazos presenciais a xente mostraba moitas ganas de apoiar o proceso (podes consultalas adhesións aquí).



